



No *Diario Oficial de Galicia* do 23 de maio de 2024 publicouse a Orde do Conselleiro de Facenda e Administración Pública do 8 de maio de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXVII edición do Premio Manuel Colmeiro para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

De acordo co disposto na base novena da convocatoria, finalizado o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, se é o caso, a proposta de adxudicación do premio.

De conformidade coa devandita base, veño en nomear como membros do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidente:

Carlos Lema Devesa, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade Complutense de Madrid

Secretario:

Alberto Vaquero García, Profesor de Economía Aplicada da Universidade de Vigo

Vogais:

Sonia Rodríguez-Campos González, Directora da Escola Galega de Administración Pública.

Cristina Díaz Carbajo, Letrada da Xunta de Galicia e Xefa do Gabinete Xurídico Territorial de Vigo

Pablo Ignacio Fernandez Carballo Calero, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, na data sinalada ao marxe

O Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

